

MODELO DE ESTATUTOS DUN CONSORCIO LOCAL

Capítulo I. Disposicións Xerais

Art. 1.-Denominación, composición e natureza.

Coa denominación de “Consortio _____” e integrado por _____, constitúese un consorcio local, ó abeiro do establecido nos artigos 149 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e na lexislación básica estatal, con personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos fins específicos establecidos nestes Estatutos.

Art. 2.-Sede.

A sede ou domicilio social do citado Consortio, será _____.

[Nota: Especificar enderezo]

Art. 3.-Ámbito territorial.

O ámbito territorial onde o Consortio desenvolverá os seus fins, abrangue _____.

[Nota: Normalmente o territorio dos concellos implicados]

Capítulo II. Obxecto e Competencia

Art. 4.-Obxecto e fins.

O obxecto ou fin do Consortio será _____ :

- a)
- b)
- ... (enumeración dos fins do Consortio)

[Nota: os fins han de ser determinados e específicos, non podendo comprender a totalidade das competencias dos entes asociados. Deberán referirse á execución ou prestación en común de obras, servizos e actividades de competencia municipal.]

Art. 5.- Capacidade e funcións.

1.O Consorcio realizará as súas actividades en nome propio e para o establecemento, conservación, prestación e desenvolvemento dos fins expresados no artigo anterior, dispoñendo, a tales efectos, de plena competencia, polo que os acordos ou resolucións que adopten os seus órganos de goberno obrigarán a tódalas entidades consorciadas.

2. Para o cumprimento dos seus fins o Consorcio _____, exercerá as seguintes funcións:

- a)
- b)
- c)...(enumeración das funcións)

Capítulo III. Órganos de Goberno e Administración

Art.6.- Órganos de goberno.

Serán órganos de goberno do Consorcio: o Pleno, o Presidente e o Vicepresidente.

Art. 7.-Órganos de administración.

1.Serán órganos de administración do Consorcio _____ (enumeración dos órganos de administración do Consorcio que se acorde crear, se é o caso)

2.Os membros dos órganos de administración nomearanse _____(forma de nomeamento) e revogaranse _____ (forma de revogación).

Art. 8.- O Pleno. Composición.

Comporán o Pleno, os Presidentes das entidades consorciadas e _____ (número de membros que se determine) membros da cada unha destas, elixidos por cada Pleno respectivo ou órgano equivalente, con carácter representativo das mesmas.

[Nota: *As alternativas serían as seguintes:*

- *Representación igualitaria para todos os municipios consorciados, calquera que sexa a súa poboación, achega económica, participación nos servizos a xestionar...*
- *Representación proporcional atendendo a calquera dos indicados factores.*
- *Representación mixta cun número mínimo de representantes para cada municipio e outro proporcional aos factores sinalados.*

Art. 9.-Competencias do Pleno.

1. Corresponden ó Pleno do Consorcio, por analogía, cantas competencias sexan atribuídas ó Pleno dos Concellos pola normativa vixente en materia de réxime local e sexan de aplicación ó Consorcio para a consecución dos seus fins, así como, as demais que se lle asignan de seguido:

- A)
- B)
- C)
- ... (relación das competencias que se acorde atribuírlle expresamente, tomando como referencia o artigo 22 da Lei 7/1985,e en todo caso, en relación co seu artigo 47).

2. Das atribucións indicadas teñen carácter delegable as relativas aos apartados _____ previo acordo plenario adoptado en dito sentido.

Art 10.- O Presidente.

O Pleno do Consorcio elixirá, por maioría _____ (determinación da maioría que se esixe para este acordo) ó Presidente do Consorcio.

[Nota: *Poderá decidirse que o Presidente do Consorcio sexa: ben un dos Presidentes dos entes consorciados con carácter continuo, ben que teña carácter rotatorio na orde que determine o Pleno, ou ben que o cargo teña unha duración diferente á prevista no artigo 13 para ós órganos de goberno, caso no que se deberá axustar a redacción deste*

último para evitar contradiccions. Senón se especificara será en sesión extraordinaria por maioría absoluta de votos.]

Art 11.- Competencias do presidente.

1.O presidente, ademais de ostenta-la representación do Consorcio, terá por analogía cantas atribucións son conferidas á Alcalde pola normativa de réxime local cara a consecución dos fins do Consorcio e as que se lle asignan de seguido:

- A)
- B)
- C)
- ... (relación das competencias que se acorde atribuírlle expresamente, tomando como referencia o artigo 21 da Lei 7/1985).

2.Das atribucións indicadas teñen carácter delegable no _____ mediante resolución os apartados: _____ (relación de competencias delegables).

Art. 12.-O Vicepresidente.

1.O Pleno do Consorcio elixirá, por maioría _____ (determinación da maioría que se exige para este acordo, se nada se especifica a elección do vicepresidente realizarase en sesión extraordinaria e por maioría absoluta de votos).

2.O vicepresidente substituirá ao presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Art. 13.Duración do mandato.

1.Ós órganos de goberno do Consorcio serán renovados coa mesma periodicidade que as Entidades Locais Territoriais. Tódolos membros dos órganos de goberno do Consorcio continuarán en funcións unha vez disoltas as corporacións e mentres non se constitúan as novas ata a constitución de novo destes órganos.

2.A perda da condición de membro dun dos entes consorciados suporá o cesamento como membro dos órganos de goberno do Consorcio.

Art. 14.- A Comisión Especial de Contas.

O Consorcio contará cunha Comisión Especial de Contas, que se axustará ó previsto na normativa aplicable de réxime local.

(En realidade a normativa so a prevé para concellos e Deputacións. Así, a creación da Comisión Especial de Contas, así como doutros órganos complementarios, xa sexan de carácter activo, como a Xunta de Goberno, ou consultivo, como as comisións informativas é opcional para o consorcio, atendendo á amplitude dos servizos asumidos e xestionados).

Capítulo IV. Réxime Xurídico e Funcionamento

Art. 15.-Sesións.

1.O Pleno celebrará sesión ordinaria cada _____ meses (determinación da periodicidade das sesións ordinarias polo propio Pleno). Poderanse celebrar sesións extraordinarias mediante convocatoria do Presidente, ben por decisión propia ou cando o solicite a cuarta parte, alomenos, do número legal de membros do Pleno do Consorcio.

2. A convocatoria, réxime das sesións e actas dos órganos colexiados do Consorcio axustarase ó disposto na normativa vixente.

[Nota: a periodicidade mínima das sesións contida na normativa é para concellos e deputacións]

Art. 16.-Réxime de acordos.

1.O Pleno adoptará os seus acordos por maioría simple, agás aqueles supostos que indica o artigo 47 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e demais que por lei ou nestes estatutos requira maioría especial

O voto no seno deste órgano será ponderado de conformidade coas achegas ordinarias previstas nestes Estatutos.

En caso de empate, efectuarase unha nova votación e, se persistira o empate, decidirá o voto que emitira o Presidente, como voto de calidade.

Art. 17.-Vinculación dos acordos

Os acordos que adopten os órganos de goberno do Consorcio vincularán a tódalas entidades integrantes, sempre que se adopten para o cumprimento dos fins asumidos polo mesmo, e salvo que requiran a expresa ratificación de cada un dos entes consorciados, que procedera nos seguintes casos:

- A disolución do Consorcio.
- A admisión de novos membros ou a separación de algún.
- A modificación dos Estatutos.
- ... (e demais acordos que se consideren oportunos).

Art. 18.-Réxime Xurídico.

1.O réxime xurídico aplicable á organización, funcionamento, acordos e resolucións dos órganos do Consorcio axustarase ao disposto na normativa de réxime local.

2.Os actos dos diferentes órganos do Consorcio dictados no ámbito das súas competencias porán fin á vía administrativa nos casos que dispón o artigo 109 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Capítulo V. Dereitos e Deberes dos Entes Consorciados

Art. 19.-Dereitos dos entes consorciados.

Os entes consorciados terán os seguintes dereitos:

- A)
- B)

- ... (enumeración dos dereitos dos entes consorciados).

Art. 20.- Deberes dos entes consorciados.

Os entes consorciados terán os seguintes deberes:

- A)
- B)
- ... (enumeración dos deberes dos entes consorciados).

Capítulo VI. Persoal

Art. 21.- Persoal funcionario, laboral e eventual.

Para o desenvolvemento das funcións e traballos administrativos o Consorcio poderá contar con persoal propio, segundo se especifique no cadro de persoal que se aprrobe anualmente xunto co orzamento do Consorcio, con suxección ó establecido na lexislación de réxime local, na lexislación básica estatal e na normativa autonómica de aplicación.

Art. 22.- Secretario, interventor e tesoureiro.

Os postos de secretario, interventor e tesoureiro crearanse e clasificaranse como propios e independentes, de conformidade co establecido na Lei 7/2007, do 12 de abril, o Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, e restante normativa específica.

Capítulo VII. Facenda

Art. 23.- Orzamento.

O pleno aprobará anualmente un Presuposto único, axustado na súa elaboración, forma e desenvolvemento, ás disposicións que rexen na lexislación de réxime local.

Art. 24.-Recursos.

A Facenda do Consorcio estará constituída polos seguintes recursos:

- A)
- B)
- C)
- ... (enumeración dos recursos cos que vai contar o Consorcio, para o cal se terá en conta o artigo 2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, xunto coas achegas dos entes consorciados que teñen carácter obrigatorio).*ver artigo 148 da LALGA*

Capítulo VIII. Duración do Consorcio, modificación dos estatutos, separación e incorporación de membros e disolución do Consorcio

Art. 25.- Duración.

O Consorcio terá unha duración de _____.

[Nota: opcional: por anos; ou ben indefinido debido ao carácter dos fins a perseguir.]

Art. 26.-Disolución.

1. A disolución do Consorcio poderá ter lugar polas seguintes causas:
 - Por disposición legal.
 - Por acordo do Pleno co quórum establecido nestes Estatutos.
 - Por desaparición do fin para o que se constituíu.
 - ... (E demais causas que se establezan).

2. O procedemento de disolución regularase de conformidade co previsto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
3. A disolución do Consorcio comporta a liquidación do seu patrimonio e a adxudicación dos seus bens e persoal ás entidades integrantes en proporción ás súas respectivas achegas.

A estes efectos crearase unha Comisión Liquidadora que fará un inventario de bens, servizos e dereitos do Consorcio, cifrará os seus recursos, cargas e débedas e relacionará o seu persoal e propondrá ó Pleno do Consorcio a oportuna distribución ou integración deles nos entes consorciados, de conformidade cos datos que servisen para a formación do patrimonio. A proposta de liquidación para ser aprobada requerirá o voto favorable da maioría _____ (determinación da maioría que se esixe para a adopción de dito acordo) do Pleno. Unha vez aprobada, a proposta será vinculante para os entes consorciados.

Art. 27.- Modificación dos estatutos.

Para a modificación dos Estatutos seguirase o procedemento previsto no art. 143 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Art. 28.- Incorporación de membros.

1.A incorporación de novos membros ó Consorcio levará consigo a modificación dos Estatutos conforme ó disposto no art. 143 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

2.Dita incorporación o pode ser para os servizos que se determinen polo Concello que se adhira entre os servizos previstos no artigo 4.

Art. 29.- Separación de membros.

1.A separación dunha entidade consorciada levará consigo a modificación dos Estatutos conforme ó art. 143 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

2.No caso de que unha entidade consorciada decida unilateralmente separarse do Consorcio deberá manifestalo cun ano de antelación, a contar dende a correcta comunicación ao Consorcio do acordo de separación, sen deixar de cumprir cos compromisos contraídos durante ese tempo; compromisos consistentes, entre outros extremos, tanto en gastos correntes como en operacións de crédito concertadas a longo prazo que tiveran como obxecto o pago de tales gastos producidos durante o tempo que a entidade consorciada que se separa aínda pertencera ó Consorcio.

Dereito supletorio

En todo o non previsto nos presentes Estatutos será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local e demais normativa aplicable.

Outras Disposicións

[Nota: Poderá completarse o contido dos Estatutos con outras disposicións que se estimen oportunas].

